



Campa escola

Primavera 2025

Concello de  Oleiros

CAMPAMENTO DE TRES DÍAS onde os nenos e nenas a través de actividades dinámicas e educativas, aprenderán de forma lúdica en contacto coa natureza e co medio, traballaremos na súa autonomía persoal e na adquisición de hábitos saudables. Levarán a cabo obradoiros ao aire libre, horta ecolóxica, itinerarios e xogos tradicionais e sobre todo grandes xogos de animación.

CAMPAESCOLA/3-6 anos. ALBERGUE FINCA TENREIRO

	1º DÍA	2º DÍA	3º DÍA
9.00 ás 9.15	Recibimento dos nenos e nenas e as súas familias. Pintamos a primavera		
9.15 ás 9.45	Asemblea inicial Programa xeral, normas de convivencia Contos nas árbores	Asemblea, programa do día Contos nas árbores	Asemblea, programa do día Contos nas árbores
9.45 ás 10.15	Xogos de presentación e cooperativos	Roteiro ambiental á Illa de Santa Cruz (en BUS) Investigamos na baixamar nas pozas e na praia Merendiña, contos de piratas e xogos na contorna Parque Rosalía Mera Xoguiños populares	Encontro musical compartido
10.15 ás 11.00	Obradoiro reciclaxe Prismáticos máxicos e catalexos de cores		Itinerario ambiental a San Pedro de Nós (a pé)
11.00 ás 11.30	Merendiña		Investigación e xoguiños no Rego de San Marcos
11.30 ás 12.00	Tempo libre Xogos no parque		Paseo pola Finca da Carballeira e xoguiños ambientais no campo
12.00 ás 13.40	Horta ecolóxica Coidado e plantación, sementeira e busca da flor máxica e ovos de Pascua		Merendiña á sombría das árbores
13.40 ás 14.00	Asemblea, diario e lembianza do día Despedida	Asemblea, diario e lembianza do día Despedida	Despedida agarimosa e asemblea final

CAMPAESCOLA/7-11 anos. ALBERGUE FINCA TENREIRO

	1º DÍA	2º DÍA	3º DÍA
9.00 ás 9.15	Recibimento dos nenos e nenas e as súas familias. Pintamos a primavera		
9.15 ás 9.45	Asemblea inicial Programa xeral, normas de convivencia Xogos de presentación	Asemblea, programa do día Xogos con paracaídas	Asemblea, programa do día Elaboración de tarxetiñas as árbores
9.45 ás 10.30	Xogo de pistas da Primavera e busca do ovo de Pascua no Xardín da Finca	Ruta ambiental polo Monumento Natural Costa de Dexo Serantes (en BUS) Procura de tesouriños en ruta Merendiña e tempo libre Debuxando as paisaxes da primavera da costa	Encontro musical compartido
10.30 ás 11.00	Horta ecolóxica Coidado e plantación		Itinerario ambiental a San Pedro de Nós (a pé)
11.00 ás 11.30	Merendiña		Investigación e xoguiños no Rego de San Marcos
11.30 ás 12.00	Tempo libre. Xogos no parque		Paseo pola Finca da Carballeira e xoguiños ambientais no campo
12.00 ás 13.40	Obradoiro de Camisetas de algodón estampadas con flores e follas		Olimpiada de Primavera
13.40 ás 14.00	Asemblea, diario e lembianza do día Despedida	Asemblea, diario e lembianza do día Despedida	Asemblea final avaliativa despedida agarimosa

- **PRAZAS: 30** para nenos e nenas nados entre **2014 e 2021**.
- **DATAS:** 14, 15 e 16 de abril en horario de 09.00 a 14.00 h.
- **DESTINATARIOS/AS:** alumnado de Educación Infantil e Primaria.
- **LUGAR:** Albergue Municipal Finca Tenreiro (Nos)
Ubicación : <https://maps.app.goo.gl/SgYufsG1s4MdBjw5>
- **PREZO:** 19,00 euros.

- **PREINSCRICIÓN: do 17 ao 23 de marzo.**
Farase cubrindo o seguinte formulario de inscrición no seguinte vínculo:
<https://www.oleiros.org/web/forms/shared/-/form/1556981>

Podes acceder tamén escaneando o código QR ►



- **SORTEO:** se hai máis solicitudes que prazas ofertadas en cada grupo, terá lugar un sorteo o día 24 de marzo na Fábrica ás 11.30 h, no que terán preferencia os participantes empadroados.
- **INSCRICIÓN: do 25 de marzo ao 4 de abril** os participantes con praza terán que formalizar a inscrición preferentemente por correo-e (ensino@oleiros.org) enviando o xustificante de pago cuberto e aboadado.
- **REUNIÓN INFORMATIVA: o día 10 de abril** ás 20.00 h no Auditorio da Fábrica en Sta. Cristina.

QUE HAI QUE LEVAR?

- Unha mochila pequena e cómoda para os paseños.
- A merendiña sana e saudable para a media mañá.
- Calzado cómodo e axeitado para camiñar e traballar na horta, que non sexa de estrea.
- Roupa cómoda e axeitada ao tempo atmosférico.
- Unha muda para posibles continxencias.
- Gorriña ou pucho para o sol ou o frío.
- Chuvasqueiro, por se chove.
- Cantimplora ou botella de auga.
- Un caderniño e un lápiz: para recoller as sorpresas con palabras e bonitos debuxos.
- Lembrede de marcar toda a roupa e material que leven os nenos e nenas.

Outro material que tamén podes levar: ▼

- Prismáticos: serviranche para observar as aves e as paisaxes.
- Instrumento de música pequeno.
- Contos.

Cada día informaremos aos pais e nais para que saiban o material que se necesita para o día seguinte.

Máis información

**SERVIZO MUNICIPAL
DE EDUCACIÓN**

Teléfono: 981-610000 • Extensión 4922

Correo-e: ensino@oleiros.org

HORARIO XERAL:

O horario do CAMPAESCOLA é de

09:00 a 14:00 h.

